

**PROBA ESCRITA**  
**LINGUA GALEGA E LITERATURA (1ª AV. - II)**  
**2º ESO B – 14/12/2020**

**NOME E APELIDOS:** \_\_\_\_\_

Un veciño maior cruzaba diariamente a fronteira entre Galiza e Portugal en bicicleta, cargando sempre un saco ó ombro.

Cada vez que atravesaba a raia, os gardas mandábano parar e preguntáballe que levaba no saco. O home, paciente e educado, mostraba sempre o contido: “é só carbón,” explicaba. E os axentes, ofendidos, deixábano pasar.

A mesma escena repetiuse durante anos ante o malestar crecente dos gardas fronteirizos. Non só eran incapaces de encontrar material de contrabando, senón que en cada novo control manchaban o uniforme de carbón.

Sen que os gardas se decatasen, o segredo do home estivo á vista ó longo de todos eses anos: era un contrabandista de bicicletas.

Fragmento do libro *Fariña*, de Nacho Carretero [adaptación]

**1.**

- a) Indica a que **xénero literario** pertence este texto e **cita os demais xéneros** que existen. [0,4]
- b) Fai un **resumo** do texto. [1]
- c) Sinala a **estrutura** do texto que acabas de ler (podes facelo no propio texto). [0.6]

**2.** Procura no texto:

- a) **5 substantivos** [0,5]
- b) **4 preposicións** (serven contraccións, mais debes descompoñelas) [0,6]

**3.** Sinala se as seguintes oracións son **verdadeiras (V)** ou **falsas (F)**. Se son falsas, xustifica por que. [1,5]

- a) Unha novela é unha narración breve e sinxela de orixe popular.
- b) A literatura popular transmítese oralmente e a culta por escrito.
- c) O retrinco é a parte que se repite nas composicións poéticas.
- d) A lenda é un subxénero poético.
- e) As linguas hexemónicas son aquelas que gozan de moito prestixio.
- f) A literatura popular non se modifica ao longo do tempo.

**4.** Escribe as **letras do alfabeto** galego [0,6]:

**5.** Explica cal é a **diferenza** entre unha **noticia** e un **artigo de opinión**. [0,6]

6. Escribe a **forma correcta en galego** das seguintes palabras: [0,4]

halcón >

golondrina >

pega >

paloma

7. Escribe o nome en galego de **3 peixes**: [0,3]

8.

a) Forma o **plural** das seguintes palabras: [0,5]

fax >

mel >

mantel >

israelí >

réptil >

b) **Cámbialle o xénero** ás seguintes palabras: [0,5]

curmán >

nora >

xudeu >

ovella>

león >

c) Pon diante de cada palabra o **artigo feminino ou masculino** segundo corresponda: [0,5]

mensaxe

cárcere

leite

análise

nariz

alma

apendicite

ele

legume

dor

9. **Escribe oracións** coas seguintes palabras nas que demostres que coñeces o significado de cada unha (nunha mesma oración podes utilizar varias destas palabras): [0,8]

pola présa máis oso

10. **Redacta** unha breve **noticia inventada** e  **sinala as súas partes** (polo menos, dúas). [1,2]

### PREGUNTA-AGASALLO

(para subir un máximo de 0,2 puntos da nota)

Lembras en que **data** tivo lugar o desastre do **Prestige** (mes, ano)?

### UN MOMENTO!

*Lembras o que che pasou no outro exame? Si, tiveches erros por non repasar ben. E si, xa sei que che dá preguiza revisar o que escribiches... Mais debes saber que se che descontarán **0,05 puntos** por cada **2 faltas de ortografía**, até un **máximo de 1 punto**.*